

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e un de novembro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce

horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 14 de novembro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 1”

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “*Construcción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición – Lote 1*”, por importe de CORENTA E UN MIL CINCOCENTOS

SETENTA EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (41.570,16 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE S.L., por un importe de 41.570,16 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. FE25/49 (FACe), de data 13/11/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

3.- ALTA DE USUARIO NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuario de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Don José María Gómez Vence.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández en data 19/11/25, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia ao seguinte usuario:

NOME E APELIDOS: José María Gómez Vence

DNI: [REDACTED]

DOMICILIO: Lugar de Mourigás, parroquia de Arnego

VALORACIÓN: [REDACTED]

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 1,91 €/hora

4.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Don Carlos Lamas Pereiro (RE núm. 1975, do 17/11/25), e a proposta de resolución emitida con data 18/11/25 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don CARLOS LAMAS PEREIRO, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Barrio, parroquia de San Martiño de Asperelo.

5.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL FIXA DO CONCELLO

VISTA a petición formulada polo traballadora laboral fixa, coa categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), Dona Rosa María Beleda Presas (RE núm. 1995, do 18/11/25), solicitando o recoñecemento do terceiro trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral deste Concello dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordo adoptado na sesión celebrada o día 11 de febreiro de 2025, recoñeceu o dereito ao percibo de dous trienios.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral fixa Dona Rosa María Beleda Presas o seu dereito a percibir o terceiro trienio de antigüidade con data de consolidación do día 19 de setembro de 2025 e con efectos económicos do día 1 de outubro de 2025.

6.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Ramón Somoza Diéguez

VISTA a instancia presentada por Don RAMÓN SOMOZA DIÉGUEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Saborín, parroquia de Vilela (RE núm. 1939, do 07/11/25), pola que solicita autorización municipal para o cruce da estrada municipal Saborín-Taboada cunha canle de abastecemento de auga, entre as parcelas con referencias catastrais 36047A010002430000PQ e 36047010005450000PI. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, autorización municipal para a ocupación do dominio público para os fins solicitados e para usos legalmente permitidos, coas seguintes condicións:

Primeira.- A canle deberá ser colocada a unha profundidade mínima de 80 cm., respectando no seu caso os servizos xa existentes, e coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación.

Segunda.- A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de servizos básicos, con antelación á mesma.

Terceira.- Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento nas condicións no que se atopa na actualidade.

Cuarta.- A autorización enténdese concedida “a precario” e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte do solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir na canle instalada, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa do solicitante.

7.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE GUILLAR

VISTO o escrito presentado por Dona Concepción Sánchez Taboada, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA XUVENTUDE DE GUILLAR, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Adelán, parroquia de Guillar (RE núm. 1998, do 18/11/25), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santa María de Guillar celebradas os pasados días 31 de maio e 1 de xuño do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE NEGRELOS

VISTO o escrito presentado por Don JOSÉ ANTONIO LÓPEZ VÁZQUEZ, con DNI núm. [REDACTED] veciña do lugar de Barbeitos, parroquia de Negrelos (RE núm. 1896, do 31/10/25), polo que, na representación da Comisión de festas parroquial, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Cibrao de Negrelos celebradas os pasados días 13 e 14 de setembro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

9.- VENDA DE EFECTOS INÚTILES

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da existencia de restos de material de pedra procedentes das antigas beirarrúas da rúa B do lugar de Rodeiro, que se atopan depositados nun patio do Centro Público Integrado (CPI), e que resulta conveniente retirar á maior brevidade. Propón a venda de dito material desbotado a un interesado no mesmo para,

por unha parte obter un pequeno rendemento económico da transacción, e pola outra evitar o custe que para o Concello tería o transporte de dito material a un vertedoiro ou, no seu caso, xestor autorizado.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co previsto na Base de Execución 28ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o ano 2025, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar a venda do material referido a Don JORGE FERRADÁS FERNÁNDEZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Casar de Seta, parroquia de Arnego, polo prezo de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200,00 €), correndo a costa do comprador o seu transporte dende o lugar de depósito.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 51,18 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361325FC0006261.
- GRÚAS LEMOS S.L. 225,00 €
Por asistencia en estrada do camión do lixo avariado, s/factura núm. 507.
- MALASOMBRA PRODUCCIÓN S.L. 2.904,00 €
Por representación do espectáculo “*Testosterona*” dentro do circuíto “+Escénicas” da Deputación de Pontevedra, s/factura núm. A/25094 (FACe).
- VIRULÉ S.C. 105,00 €
Por subministro de castañas para o magosto municipal, s/factura núm. 233 (FACe).

- CEXNOR TECNIC S.L. 78,43 €

Por revisión de extintores no pavillón polideportivo e ximnasio, s/factura
núm. FA25/1742.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por
rematada a sesión, sendo as doce horas vinte minutos, da que como
secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)